

# TERMOS PARTICULARES DO SERVIZO MOVISTAR PLUS+ PARA MIMOVISTAR, FUSIÓN E INTERNET + LLAMADAS

## 1. CONDICIÓNS PARTICULARES E A SÚA ACEPTACIÓN

### 1.1. Obxecto.

As Condicións Particulares descritas a continuación (en diante, as "Condicións Particulares") regulan as relacións contractuais entre TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U. (en diante, MOVISTAR) con CIF núm. A-82018474, domiciliada en Madrid, na rúa Gran Vía 28, 28013 de Madrid, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid ao tomo 13.170; libro 0; sección 8ª; folla M-213.180, e o CLIENTE do Servizo (en diante, o CLIENTE), en todo o relativo á prestación do Servizo denominado MOVISTAR PLUS+.

### 1.2. Aceptación.

A aceptación, sen reservas, das presentes Condicións Particulares devén indispensable para a prestación do Servizo por parte de MOVISTAR. O Cliente manifesta, en tal sentido, que leu, entendeu e aceptou as presentes Condicións Particulares, postas á súa disposición, en todo momento, en [www.movistar.es/contratos](http://www.movistar.es/contratos).

### 1.3. Vinculación coas condicións do servizo Movistar Plus+.

As Condicións Xerais de prestación de Movistar Plus+, que constan publicadas en [www.movistar.es/contratos](http://www.movistar.es/contratos), completan ás presentes Condicións Particulares en todo o non previsto nestas.

## 2. DESCRICIÓN DO SERVIZO

O Servizo MOVISTAR é un servizo de acceso ao sinal de MOVISTAR PLUS+.

O devandito Servizo contén as seguintes prestacións:

- Acceso a un número determinado de canles nacionais, locais, temáticas, contidos baixo demanda e, de ser o caso, ás canles de degustación que determine MOVISTAR en cada momento segundo o paquete contratado polo CLIENTE.
- Así mesmo, MOVISTAR porá a disposición do cliente un servizo de Alugueiro, a través do cal o CLIENTE pode acceder a Contidos baixo demanda durante un período de tempo de 24 horas por un prezo determinado.
- Ademais, poden acceder contratando especificamente coa cota mensual que teña no momento de contratación, ás opcións de contidos que MOVISTAR poña a disposición do CLIENTE en función da oferta contratada: Canles, Paquetes de canles e contidos baixo demanda adicionais.

- Opcionalmente, acceso aos servizos de terceiros dispoñibles no SERVIZO MOVISTAR PLUS+, previa aceptación por parte do CLIENTE das condicións específicas de cada un deles.

### 3. DISPOÑIBILIDADE DO SERVIZO

Para contratar o Servizo, o Cliente debe dispor do Servizo Movistar Plus+ para Internet + Llamadas.

### 4. VIXENCIA

As presentes condicións entran en vigor na data da súa contratación ou o día da alta efectiva en miMovistar, Fusión ou Internet + Llamadas, se esta fose posterior. Unha vez formalizada, as presentes condicións terán unha duración indefinida.

### 5. OPCÍONS DE CONTRATACIÓN CO SERVIZO

#### - Cine

Inclúe oito canles exclusivas de Cine: Estreas, Estreas 2, Clásicos, Acción, Comedia, Drama, Cine español e Fest by Movistar Plus+. En calidade HD para clientes de fibra. Con Movistar Plus+ en Dispositivos e 350h de Gravacións, só dispoñibles para uso doméstico. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

#### - Motor

Inclúe as canles DAZN, cos campionatos de F1 e Moto GP, Caza e Pesca e Garage TV. En calidade HD para clientes de fibra. Con Movistar Plus+ en Dispositivos e 350h de Gravacións, só dispoñibles para uso doméstico. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

#### - Estrenos 2 por Movistar Plus+

Inclúe as películas dos míticos estudos de Hollywood, as súas estreas máis recentes en salas e os seus grandes títulos do século XXI. En calidade HD para clientes de fibra. Con Movistar Plus+ en Dispositivos e 350h de Gravacións, só dispoñibles para uso doméstico. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

#### - Series 2 por Movistar Plus+

Inclúe as últimas tempadas da serie estrela da televisión comercial e das principais cadeas internacionais. En calidade HD para clientes de fibra. Con Movistar Plus+ en Dispositivos e 350h de Gravacións, só dispoñibles para uso doméstico. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

#### - La Liga

Inclúe as canles LaLiga por Movistar Plus+ e DAZN LaLiga, que ofrecen a Liga de Primeira División. En calidade HD para clientes de fibra. Con Movistar+ en Dispositivos e acceso á app de DAZN sen custo adicional, e 350 h de Gravacións, só dispoñibles para uso doméstico. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

- Selección LaLiga

Inclúe 5 partidos en directo cada xornada, incluído polo menos un partido do Real Madrid ou do FC Barcelona e ademais, incluído só nesta opción, 3 xornadas completas nas que poderás gozar dos 10 partidos en directo.

- DAZN LaLiga

Inclúe 5 partidos en directo cada xornada, incluído como mínimo un partido do Real Madrid ou do FC Barcelona (excluídas 3 xornadas completas do total da tempada).

- Liga de Campeones por Movistar Plus+

Inclúe a UEFA Champions League, a UEFA Europa League e a Conference League. Ademais, ofrece dúas das mellores ligas do Continente europeo, como a Bundesliga e a Serie A italiana. En calidade HD para clientes de fibra. Con Movistar Plus+ en Dispositivos e 350h de Gravacións, só dispoñibles para uso doméstico. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

- DAZN

Inclúe os campionatos de F1 e Moto GP. En calidade HD para clientes de fibra. Con acceso á app de DAZN sen custo adicional e 350h de Gravacións, só dispoñibles para uso doméstico. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

- Toros

Toros inclúe todas as feiras taurinas de referencia. En calidade HD para clientes de fibra. Con Movistar Plus+ en Dispositivos e 350h de Gravacións, só dispoñibles para uso doméstico. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

- Adultos

Inclúe o mellor cine para adultos de todos os xéneros dispoñible baixo demanda. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

- Playboy TV

Unha canle de temática para adultos con 24 horas de erotismo de alta calidade para homes, mulleres e parellas. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

- Mezzo:

Mezzo inclúe as canles Mezzo e Mezzo Live HD. Mezzo ofrece música clásica, ópera, danza e jazz as 24 horas do día durante todo o ano, mentres que Mezzo Live HD é a mellor sala de concertos da túa casa. A canle que te conecta coas últimas novidades do mundo da música e que ofrece ao redor de 40 concertos en directo ao ano. Mezzo Live HD en calidade HD para clientes de fibra. Con Movistar Plus+ en Dispositivos e 350h de Gravacións, só dispoñibles para uso doméstico. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

- Stingray Classica

Ofrece as mellores óperas e concertos do panorama actual cunha calidade artística excepcional, así como producións lendarias, coas mellores orquestras, directores e solistas. En calidade HD para clientes de fibra. Con Movistar Plus+ en Dispositivos e 350h de Gravacións, só dispoñibles para uso doméstico. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

- Caza y Pesca

É a canle máis antiga e experta do mundo da caza, a pesca e a natureza. En calidade HD para clientes de fibra. Con Movistar Plus+ en Dispositivos e 350h de Gravacións, só dispoñibles para uso doméstico. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

- Iberalia TV:

Unha canle temática dedicada ao mundo da caza, a pesca e a natureza. En calidade HD para clientes de fibra. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

- Extra Latino

Inclúe seis canles de seis países latinoamericanos: Telefe Internacional, Canal Estrellas, TV Chile, Nuestra Tele, Cuba Visión e Telesur. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

- ATREPlayer Premium

Inclúe o acceso á subscrición ATREPlayer Premium. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

- mitel PLUS Básico

Inclúe o acceso á subscrición mitel PLUS Básico. Este servizo non está dispoñible para aqueles clientes que sexan locais públicos.

## 6. PREZO, FACTURACIÓN E PAGAMENTO

### 6.1. Prezo

Como contraprestación polo Servizo, o CLIENTE estará obrigado a satisfacer o prezo correspondente a cada modalidade de conformidade cos prezos vixentes en cada momento. Os prezos actuais están indicados no cadro de Prezos que figura no ANEXO I PREZOS.

### 6.2 Facturación e Pagamento.

Todos os conceptos que se poden facturar en virtude da prestación do servizo facturaranse a mes vencido, con carácter mensual e incorporaranse na factura correspondente á prestación por MOVISTAR do Servizo MOVISTAR PLUS+.

O pagamento correspondente ao servizo será esixible desde o momento que se presente ao cobramento a factura correspondente ao Servizo MOVISTAR PLUS+ e realizarase a través da

conta do mesmo na Entidade Bancaria ou Caixa de Aforros que para tal efecto sinale ou, na súa falta, en lugar habilitado por MOVISTAR, á súa presentación ao cobramento, que constará expresamente no aviso de pagamento enviado ao CLIENTE. Na factura identificarase o período no que se poderá realizar o pagamento.

O cliente autoriza, expresamente, a Telefónica de España S.A.U. a cobrar as facturas correspondentes ao Servizo Movistar Plus+ contratado, incluído o caso de que dispoña de prestación de subministración de TV vía satélite. Así mesmo, aqueles conceptos correspondentes a contidos de TV fornecidos vía satélite que excedan os incluídos poderán ser facturados por Telefónica de España S.A.U. ao CLIENTE en factura independente segundo o disposto no contrato celebrado entre o CLIENTE e Telefónica de España S.A.U. para o goce dos mesmos.

Na primeira factura emitida conforme ao disposto na presente cláusula incluíranse, naqueles casos que corresponda, o importe correspondente á cota de alta, instalación e cablaxe do descodificador, xunto con todos os servizos de instalación opcionais. A primeira cota será rateada en función da data de entrada en vigor do SERVIZO.

A contratación do servizo MOVISTAR PLUS+ implica a aceptación por parte do CLIENTE de recibir a correspondente factura en formato electrónico. Con todo, ten o dereito a optar pola factura en papel na contratación.

Esta aceptación implica estender a facturación en formato electrónico a todos os produtos de MOVISTAR que o CLIENTE contratara ou contrate con posterioridade con Telefónica de España, S.A.U.

En caso de atraso no pagamento, MOVISTAR poderá suspender a prestación do Servizo se, tras requirir o pagamento ao CLIENTE, este non o fixera efectivo nun prazo de sete (7) días desde ese requirimento.

Transcorrido ese prazo, MOVISTAR requirirá de novo ao CLIENTE, concedéndolle un novo prazo de dez (10) días. Pasado o prazo, MOVISTAR poderá proceder á interrupción definitiva do Servizo, dándoo de baixa.

Así mesmo, no suposto de impagamento, os datos relativos á débeda poderán ser comunicados ás seguintes entidades dedicadas á xestión de sistemas de información crediticia: ASNEF, sistema xestionado pola mercantil EQUIFAX IBERICA S.L. e BADEXCUG, sistema xestionado pola mercantil Experian Bureau de Crédito, S.A. e calquera outra que sexa comunicada oportunamente ao CLIENTE.

## ANEXO 1 OPCIÓNS DE CONTRATACIÓN

CUOTAS MENSUAIS DAS OPCIÓNS CONTRATABLES DO SERVIZO MOVISTAR PLUS+ PARA MIMOVISTAR, FUSIÓN E INTERNET + LLAMADAS <sup>(1)</sup>	
<b>Produto</b>	<b>Cota mensual (€/mes, impostos incluídos<sup>(2)</sup>)</b>
MOTOR <sup>(3)</sup>	10,00
CINE	10,00
SERIES 2 POR MOVISTAR PLUS+	5,00
ESTRENOS 2 POR MOVISTAR PLUS+	8,00
LALIGA <sup>(3)</sup>	30,00
SELECCIÓN LALIGA	18,99
DAZN LALIGA <sup>(3)</sup>	18,99
LIGA DE CAMPEONES POR MOVISTAR PLUS+	20,00
PLAYBOY TV	7,00
MEZZO	5,00
STINGRAY CLÁSICA	5,00
CAZA Y PESCA	7,00
IBERALIA TV	7,00
TOROS	20,00
ATRESPLAYER PREMIUM	4,99
MITELE PLUS BÁSICO	5,00
ADULTOS	15,00
EXTRA LATINO	2,42
MOVISTAR PLUS+ LITE <sup>(4)</sup>	8,00
DAZN <sup>(3)</sup>	12,99

<sup>(1)</sup> Se, contratados calquera das anteriores canles adicionais, se dese de baixa das mesmas antes dos 15 primeiros días desde o momento da súa contratación, deberá abonar o 50% da cota en concepto de custos asociados á disposición de contidos, máis a parte proporcional da cota mensual. A suma de ámbolos dous importes, en ningún caso superará o valor da cota mensual da canle contratada.

<sup>(2)</sup> Estes prezos non aplican en Ceuta, Melilla e Canarias, onde aplican impostos indirectos reducidos segundo a lei vixente; en Canarias IXIC 7%, en Ceuta: IPSI 10% e en Melilla: IPSI 8%.

<sup>(3)</sup> A contratación de calquera destes paquetes inclúe na súa oferta o desfrute do contido de Dazn fóra da plataforma de Movistar Plus+, que actualmente presta DAZN Spain, S.L.U. conforme ás Condicións de uso publicadas en [www.dazn.com](http://www.dazn.com). O seu desfrute require a correcta activación da conta por parte do Cliente en <https://www.movistar.es/activaDAZN> ou <https://sitioseguero.movistarplus.es/zonacliente/DAZN> se é Satélite, así como a aceptación do contrato de subscripción de Dazn. A utilización de Dazn implicará a comunicación dun código identificador da conta persoal do Cliente entre Movistar e DAZN Spain, S.L.U. coa finalidade de asegurar o mantemento da relación contractual e a provisión do servizo. Respecto ao resto de tratamentos que DAZN Spain, S.L.U. poida realizar dos datos persoais do Cliente, deberán consultarse as súas condicións de uso e a súa Política de privacidade.

<sup>(4)</sup> Disponible para clientes con Conecta Max TV box.